

**CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E O CONCELLO DE SANXENXO PARA A IMPARTICIÓN DE ENSINANZAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA EN COCIÑA E RESTAURACIÓN**

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2022.

**REUNIDOS**

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

E doutra don Telmo Martín González, alcalde-presidente do Concello de Sanxenxo, que actúa en nome e representación da citada institución e no exercicio das competencias que lle outorga a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

**EXPOÑEN**

1. Que a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación do sistema integrado de formación profesional, cualificacións e acreditación que responda ás demandas sociais, con eficacia e transparencia, a través das diferentes modalidades formativas. Esta lei, no

seu artigo 9, di que a formación profesional abrangue un conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das diferentes profesións, para o acceso ao emprego e para a participación na vida social, cultural e económica. Inclúe as ensinanzas propias da formación profesional inicial, as accións de inserción e reinserción laboral dos traballadores e das traballadoras, e as orientadas á formación continua nas empresas, que permitan a adquisición e a actualización permanente das competencias profesionais.

2. Que no artigo 3 do Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos, establécese que estas ensinanzas forman parte das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e deben responder a un perfil profesional e ordénanse en ciclos formativos organizados en módulos profesionais de duración variable. O seu perfil profesional incluírá polo menos unha cualificación profesional completa de nivel 1 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, establecido no artigo 7 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

3. Que de acordo coa Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión a estas ensinanzas, establece que os ciclos formativos de formación profesional básica:

a. Entre as súas finalidades, contribuirán a que o alumnado adquira ou complete as competencias da aprendizaxe permanente para facilitar a súa transición cara á vida activa ou favorecer a súa continuidade no sistema educativo.

b. A súa duración é de 2.000 horas, equivalentes a dous cursos académicos a tempo completo, e organízanse en módulos profesionais de duración variable.

c. A súa oferta está destinada ao alumnado escolarizado que cumpra os requisitos de acceso a estas ensinanzas, regulados no artigo 15 do Decreto 107/2014, e cuxo grao de adquisición das competencias non sexa o adecuado para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria e, malia iso, sexa o adecuado

para que poida alcanzar o título profesional básico.

4. Que o Concello de Sanxenxo quere ampliar a oferta de ensinanzas de formación profesional no seu concello e está disposto a colaborar aportando o uso das instalacións trala reconversión do antigo CEIP O Cruceiro en talleres de hostalería, así como os equipamentos necesarios para ter oferta de ensinanzas de formación profesional básica de ciclos formativos de grao básico da familia profesional de Hostalería e Turismo.

Por todo isto, as entidades asinantes, de conformidade co exposto, formalizan o presente convenio de colaboración no campo da formación e da aprendizaxe de acordo coas seguintes,

### CLÁUSULAS

**Primeira.** O obxecto do presente convenio é establecer a colaboración no eido da formación profesional entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Sanxenxo, para implantación de ensinanzas de formación profesional básica da familia profesional de Hostalería e Turismo neste concello.

**Segunda.** A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades autorizará a posta en funcionamento e a organización, no IES de Villalonga, para o curso 2022-2023, o ciclo formativo de grao profesional básico Cociña e Restauración, previa comprobación de que se cumpren os requisitos de espazo e equipamentos recollidos no Decreto 107/2014, do 4 de setembro e demais normativa de aplicación.

**Terceira.** O Concello de Sanxenxo pon a disposición as instalacións, no horario de impartición das referidas ensinanzas de formación profesional básica, e o equipamento necesario tanto para o funcionamento do centro como para a impartición do ciclo formativo e farase cargo do seu mantemento, así como tamén dos gastos xerais de funcionamento (electricidade, auga, limpeza, calefacción,

internet, teléfono, conserxería e calquera outro que teña tal consideración) necesarios para a impartición das ensinanzas de formación profesional básica referidas na cláusula anterior, que de xeito provisional se impartirán para o curso 2022-2023 nun establecemento hoteleiro que o concello de Sanxenxo pon a disposición, responsabilizándose tanto do transporte do alumnado ida e volta entre o citado establecemento e o IES Villalonga no horario establecido como de que o citado transporte teña a cobertura do Seguro obrigatorio de viaxeiros.

En todo caso o referido establecemento deberá cumprir cos requisitos especificados no Decreto 107/2014, do 4 de setembro, e os contemplados na normativa de xeral aplicación.

**Cuarta.** A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades aportará o persoal docente necesario e asumirá os gastos de material funxible e de produtos consumibles necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas obxecto deste convenio.

Estes gastos asumiranse a través das partidas orzamentarias do capítulo I (gastos de persoal) e capítulo II (gastos en bens correntes e servizos) da Consellería, non supoñendo incremento ningún de gasto para a consellería e sen que se realice ningún pagamento ao concello de Sanxenxo.

**Quinta.** As ensinanzas obxecto deste convenio formarán parte da oferta formativa do IES de Villalonga, para todos os efectos académicos e administrativos. Correspóndelle á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades o establecemento, o desenvolvemento e a supervisión dos plans educativos propios da consellería. O centro, nos seus ciclos formativos específicos, queda sometido ao servizo de inspección educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, segundo a normativa vixente para os centros públicos.

**Sexta.** Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, co obxecto de determinar a programación e o seguimento das accións previstas neste convenio. Esta comisión reunirse cando así o estime oportuno calquera das partes e estará constituída por:

- a. Tres persoas representantes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- b. Tres persoas representantes do Concello de Sanxenxo.
- c. Un/ha funcionario/a da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que actuará como secretario/a.

**Sétima.** Este convenio terá a vixencia dos cursos académicos 2022/2023 e 2023/2024, podendo prorrogarse, pola mesma vixencia, por acordo expreso das partes mediante a addenda correspondente, en todo caso coa limitación establecida no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro. O convenio poderá ser denunciado por calquera das partes por incumprimento das obrigas nel previstas. A denuncia esixirá escrito motivado dirixido á comisión de seguimento, cunha antelación de tres meses. En todo caso, a supresión das ensinanzas realizarase curso a curso ata a súa extinción definitiva.

**Oitava.** As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPDP), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante. O alumnado e o concello que por razón das actividades formativas teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos

asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPDP.

**Novena.** A firma deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

**Décima.** O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto no artigo 4 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

**Décimo primeira.** O convenio poderá ser resolto por calquera das partes, con obriga de facelo mediante comunicación escrita e cunha antelación mínima dun mes por algunha das seguintes causas:

- a) Mutuo acordo.
- b) Imposibilidade sobrevida, legal ou material, a desenvolver as actividades que constitúen o seu obxecto.
- c) Vontade unilateral de calquera das partes.

- d) Por incumprimento do seu clausulado.
- e) Por declaración xudicial da súa nulidade.
- f) Polo resto das causas previstas no ordenamento xurídico.

En canto á resolución e aos efectos correspondentes estarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

E en proba de conformidade co exposto, ambas as partes firman o presente convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Román Rodríguez González

O alcalde-presidente do Concello de Sanxenxo

Telmo Martín González